



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### 3ª ACTA DO TRIBUNAL QUE REXE O PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS, PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO, PERTENCENTE Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, GRUPO C, SUBGRUPO C2 NO CONCELLO DE LAXE

#### RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS E CUALIFICACIÓN FINAL DEFINITIVA

Sendo as 10.30 h do día 5 de febreiro de 2025, reúnen-se as persoas que de seguido se relacionan e que compoñen o Tribunal do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego pertencente á escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C, subgrupo C2.

O tribunal está integrado polas seguintes persoas membros:

**Presidenta:** Secretaria-interventora deste concello.

**Vogais:** Xefa do negociado de intervención deste concello.

Traballadora social deste concello.

Xefa de negociado de secretaria deste concello.

**Secretaria:** AEDL deste concello.

Unha vez constituído o Tribunal e tendo o quórum necesario procédese coa análise das alegacións presentadas.

#### 1º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS PRESENTADAS

De acordo co indicado na base 10.1 das bases de selección, con data do 12/12/2025 publicouse na sede electrónica municipal a relación de persoas candidatas por orde decrecente de puntuación obtida, coa indicación da acadada en cada unha das fases do proceso selectivo, outorgando un prazo de 3 días hábiles para presentar as alegacións que estimasen oportunas no Rexistro Xeral do Concello.

Dentro deste prazo presentouse a seguinte alegación, con data do 15/12/2025 e con Rexistro de entrada núm. 202599900001169, na que solicita: “*Revisión da puntuación outorgada no apartado de concurso no apartado da puntuación dos cursos, xa que segundo os cursos presentados entendo que a puntuación debería ser de 2 puntos*”.

Considerando o disposto no apartado 2 da base octava das bases de selección: “**2. Formación complementaria, ata un máximo de 2 puntos:** Os cursos impartidos deberán estar directamente relacionados coas funcións e/ou competencias profesionais propias da praza convocada, e que contén con homologación/recoñecemento oficial (entendendo, a tal efecto, que foran impartidas, organizadas, recoñecidas ou homologadas por Administracións Públicas, entidades ou organismos dependentes destas e/ou habilitados oficialmente aos ditos efectos formativos (como sindicatos ou colexios profesionais) homologados polas Administracións Públicas, Universidades Públicas, Colexios profesionais, Organizacións sindicais e Cámaras de Comercio.

Valoración dos cursos:

- Por cada curso de 20 a 40 horas: 0,40 puntos.
- Por cada curso de 41 a 70 horas: 0,50 puntos
- Por cada curso de 71 a 100 horas: 0,60 puntos
- Por cada curso de mais de 100 horas: 0,80 puntos

Para a acreditación destas formacións deberase achegar o título correspondente ou certificación equivalente e acreditativa de ter superado o curso ou acción formativa alegada, expedidos pola entidade/organismo organizador ou responsable da actividade formativa.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Nos documentos acreditativos da realización dos cursos/accións formativas deberá achegarse certificado emitido polo organismo público correspondente no que consten as características da formación impartida e número de horas constar a data da súa realización, así como o seu obxecto, con indicación do temario/materias impartidas (agás en supostos de cursos monográficos); de non figurar/acreditarse ditos extremos, non serán obxecto de valoración.

Valoraranse por unha soa vez os diferentes cursos/accións cun mesmo obxecto ou referidos a unha mesma materia (agás que quede claramente constatado que o contido tivera sido diferente, ou que se tratase de actualizacións); valorándose, unicamente, o de nivel superior, avanzado ou, de resultar coincidentes, o de data máis próxima.

Non serán valoradas as accións formativas de menos de 20 horas. Tampouco se valorarán os cursos de antigüidade maior a 10 anos.”

Consultada a documentación presentada pola persoa interesada e de acordo co apartado 2 da base octava antes referida, este Tribunal estima que unicamente os cursos relativos a “Administración electrónica, identificación dixital e factura electrónica” e de “Interconexión de rexistros entre administracións públicas. REC, SIR, GEISER” reúnen os requisitos para ser valorados, polo que se acorda desestimar a alegación presentada.

## **2º.- CUALIFICACIÓN FINAL DEFINITIVA E RELACIÓN DE PERSOAS APROBADAS**

De acordo co disposto na base 10.2 das bases de selección, a relación de persoas candidatas por orde decrecente de puntuación é a seguinte:

| NÚ<br>M. | NOME                         | DNI       | TOTAL<br>FASE DE<br>CONCURSO | EXAME<br>TIPO TEST | PUNTUACIÓN<br>TOTAL |
|----------|------------------------------|-----------|------------------------------|--------------------|---------------------|
| 1        | RODRÍGUEZ BUÑO, CARMEN MARÍA | ***084*** | 20                           | 36                 | 56                  |
| 2        | MOSQUERA PÉREZ, ISABEL       | ***779*** | 18,40                        | 33                 | 51,40               |
| 3        | PÉREZ GARCÍA, ANA MARÍA      | ***225*** | 20                           | 30                 | 50                  |
| 4        | RODRÍGUEZ SUÁREZ, SILVIA     | ***274*** | 15,40                        | 33                 | 48,40               |
| 5        | PIÑA LOUREIRO, YOLANDA       | ***654*** | 9,60                         | 33                 | 42,60               |
| 6        | PASTORIZA GARCÍA, MARÍA JOSÉ | ***184*** | 9,60                         | 32                 | 41,60               |
| 7        | FONDO RODRÍGUEZ, CRISTINA    | ***597*** | 0,40                         | 40                 | 40,40               |
| 8        | RECAREY LEMA, ANA PASTORA    | ***197*** | 11,20                        | 28                 | 39,20               |
| 9        | ROMERO SUÁREZ, BEGOÑA        | ***025*** | 5,20                         | 33                 | 38,20               |
| 10       | GESTO ANTELO, SHEILA         | ***023*** | 2                            | 35                 | 37                  |
| 11       | BANGUESES FERNÁNDEZ, GABRIEL | ***799*** | 1,60                         | 35                 | 36,60               |
| 12       | LEIRA LÓPEZ, ROSA LORENA     | ***557*** | 0,40                         | 36                 | 36,40               |
| 13       | DÍAZ COTELO, PABLO           | ***736*** | 0                            | 36                 | 36                  |
| 14       | FERNÁNDEZ LAGO, FANNY MARÍA  | ***160*** | 2                            | 32                 | 34                  |

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

|    |                             |           |      |    |       |
|----|-----------------------------|-----------|------|----|-------|
|    |                             |           |      |    |       |
| 15 | MIRA BUSTO, MARÍA JESÚS     | ***007*** | 1,20 | 32 | 33,20 |
| 16 | AMIGO CASTAÑEIRA, ALBA      | ***358*** | 0    | 32 | 32    |
| 17 | BLANCO TERNANDE, BELÉN      | ***114*** | 2    | 30 | 32    |
| 18 | MOSQUEIRA VILAR, CAROLINA   | ***140*** | 0,40 | 29 | 29,40 |
| 19 | SIXTO CANOSA, CRISTINA      | ***356*** | 2,80 | 26 | 28,80 |
| 20 | CID FERNÁNDEZ, JOSÉ ALBERTO | ***792*** | 0    | 23 | 23    |
| 21 | VARELA GONZÁLEZ, ADRÍANA    | ***314*** | 0,80 | 21 | 21,80 |
| 22 | BELLO CARRILLO, ANTÓN       | ***321*** | 0    | 21 | 21    |

Ao abeiro do que dispón a base 10.2 das bases da convocatoria, o Tribunal por unanimidade acorda:

**Primeiro:** Publicar esta acta na sede electrónica municipal que contén a relación definitiva de persoas candidatas por orde decrecente de puntuación obtida, con indicación da acadada en cada unha das fases de proceso selectivo.

**Segundo:** Elevar esta proposta ademais da acta da derradeira sesión, á Alcaldía para que proceda á resolución do expediente de selección de persoal e a constitución da bolsa de emprego.

**Terceiro:** Contra o presente acordo poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de alzada ante o Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación da presente notificación, diante do mesmo órgano que a ditou, conforme ao disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto sendo as 11.30 h do día sinalado, dispoñendo a sra. Presidenta que se redacte a presente acta que subscriben tódolos membros do tribunal,

A PRESIDENTA DO TRIBUNAL

OS VOGAIS

A SECRETARIA DO TRIBUNAL